UNIFORMIDADE

Recordamos aspectos importantes e obrigatorios relativos a uniformidade en todas as competicións:

CLUBS:

Unha vez comezada a tempada, os Clubs deberán estar provistos de dúas equipacións diferentes, unha debe ser de tonalidade clara e outra escura, sendo obrigatorio comunicalas no momento da inscrición, subindo a infografía á plataforma Isquad, e tamén indicar cal será a equipación titular e cal a reserva, non podendo cambiar as cores elixidas, salvo petición expresa por escrito e a súa consecuente autorización oficial polo Comité de Competición, que entrará en vigor aos quince (15) días da súa concesión.

EQUIPOS:

- **Xogadores:**
  Os xogadores/as de cada equipo, deberán vestir o mesmo uniforme, coas cores distintivas do seu club, no terreo de xogo e durante todo o encontro. A roupa de xogo deberá distinguirse claramente na cor e deseño da roupa do equipo contrario. O acceso ó terreo de xogo deberá realizarse obrigatoriamente con calzado deportivo. A cor dos xogadores/as que actúen de porteiros/as debe diferenciarse claramente da vestimenta dos dous equipos e do porteiro contrario.

  Cando se enfronten dous equipos cuxos uniformes sexan iguais ou parecidos, que puidesen dar lugar a confusión, cambiará o seu por outro distinto aquel equipo que xogue en campo alleo, e se o partido fose en campo neutral, deberá cambialo, salvo acordo previo, o equipo que figure en segundo lugar no calendario oficial da competición.

  Para tal eventualidade ambos equipos deberán ir provistos de dúas equipacións diferentes cada un.

Os números que figuren na camiseta dos xogadores/as deben ter unha cor que contraste ese distinga claramente coa cor das mesmas, as súas dimensións e lugar de colocación, deberán someterse ás seguintes normas:

- **Obrigatorio en camiseta**: 20 cms de altura nas costas e 10 cms de altura na parte dianteira. Ambos os números deberán colocarse esteticamente centrados.
- **Opcional en pantalón:** 7 cms de altura nun lateral dunha das perneiras do pantalón (curto para os xogadores/as e longo ou curto para os porteiros/as).

Non está permitido levar obxectos que poidan ser perigosos para os xogadores como son: protectores da cabeza, máscaras faciais, brazaletes, reloxos, aneis, cadeas, pendentes, gafas sen bandas protectoras ou con montura sólida, "piercing visibles", ou calquera obxecto que poida ser perigoso e segundo se establece nas Reglas de Xogo.
Están permitidas as bandas de cabeza, sempre que esteen feitas de material elástico e suave.

- **Staff técnico:**
  Os membros do staff técnico, durante os encontros oficiais terán que ir uniformados/as coa mesma roupa corporativa do club, quedando prohibido o uso de complementos que tapen a cabeza (gorras, sombreiros, ...) e chanclas. Tan só caberá a excepción a esta norma en casos de prescrición médica.

  As cores que poidan causar confusión cos xogadores/as do equipo contrario non estarán permitidas.

O **incumprimento** de calquera das normas deberá ser **reflectido polos árbitros no Acta de Partido** e será sancionado o Club infractor polo Comité de Competición.

No caso de que por coincidencia nas cores das camisetas dos equipos, o encontro non chegase a celebrarse, o equipo responsable de tal incidencia será sancionado coma se de **INCOMPARECENCIA** se tratase.

COLECTIVO ARBITRAL:

- **Árbitros:**
  No caso de que un dos equipos coincida coa cor da camiseta dos árbitros, serán estes os que deben cambiar a súa indumentaria.

Para calquera dúbida poden contactar no seguinte correo electrónico:

competicions@fgbalonman.com

En Vigo a 20 de outubro de 2026